

CODESO

Situada na vertente leste da Serra do Pico Sacro, Codeso abrangue 3,10 km² nun terreo irregular e con numerosos desniveis. A súa altitude media é de 188 m, nunha paisaxe frondosa, fértil e moi produtiva. As principais actividades económicas da parroquia son a gandaría, aproveitamento forestal e a explotación mineira de seixo.

ÁREA RECREATIVA DE SAN PAIO (CODESO)

Unha das paraxes máis fermosas e un dos conxuntos etnográficos máis importantes de Boqueixón. A carón da Capela do San Paio atoparás unha fervenza, varios muíños restaurados e unha fonte milagreira, todo inmerso nun frondoso e un bosque da ribeira case intacto.

CAPELA DE SAN PAIO

Situada á beira do río Pontillón, presenta unha nave rectangular construída na segunda metade do século XVII. Foi restaurada polo concello de Boqueixón no ano 2003, xa que se atopaba en estado de abandono desde mediados do século XX.

IGREXA PARROQUIAL SANTA EULALIA DE CODESO

Entre 1881 e 1882, debido ao estado ruinoso do antigo templo, reconstruíuse unha nova igrexa seguindo os criterios historicistas propios da época. O resultado é un edificio sobrio e elegante, que continúa a ser o principal referente relixioso e patrimonial da parroquia.

ÁREA RECREATIVA DE SUCIRA

Situada no sur do concello, na marxe dereita do Ulla, esta pequena parroquia conta cunha fermosa área recreativa nunha carballeira de gran valor natural. É o lugar ideal para pasar o día en contacto coa natureza. Dispón de bancos, asadores e zonas de descanso, perfectas para gozar dun xantar ao aire libre. A moi poucos metros, atópase a Igrexa parroquial de Santa Mariña de Sucira de finais do s. XVII.

DONAS

Con apenas **1,20 km²**, Donas é a parroquia máis pequena de Galicia. O seu nome procede do antigo convento de San Breixome, residencia de relixiosas beneditinas (as "donas"). As súas terras fértiles permiten ata **tres colleitas anuais**. Destacan tamén: as **augas sulfurosas** das súas fontes, as **termais** preto de Caldelas e a fermosa fervenza do río Pontillón, con **tres caídas**, unha delas a máis alta do concello. A Igrexa parroquial de San Pedro de Donas do 1748 foi reformada pero consérvanse os muros da antiga estrutura barroca da capela maior.

1 O medio non está exento de riscos
2 Hai máis dun factor de risco
3 Hai varios factores de risco
4 Hai bastantes factores de risco
5 Hai moitos factores de risco

1 Marcha por superficie lisa
2 Camiños con diversos firmes
3 Marchas por sendeiros escalonados e terreos irregulares
4 É preciso o uso das mans ou saltos sobre o terreo
5 Require o uso das mans para a progresión

1 Camiños e cruces ben definidos
2 Existe traza clara de camiño e sinalización
3 Existe a identificación de accidentes xeográficos e puntos cardinais
4 Esixe navegación fora da traza
5 O itinerario está interrompido por obstáculos que hai que bordear

1 Hasta 1 h de macha efectiva
2 Entre 1 h e 3 h de marcha efectiva
3 Entre 3 h e 6 h de marcha efectiva
4 Entre 6 h e 10 h de marcha efectiva
5 Máis de 10 h de marcha efectiva

Calculado segundo criterios MIDE para un excursionista medio pouco cargado

Datos MIDE do Sendeiro dos Pescadores e Viticultores do Ulla

Tempo de percorrido: 2h 10'

Sentido da marcha
Área recreativa de San Paio-Codeso ao Campo do río de Ledesma.

Desnivel de subida: 38 m
Desnivel de baixada: 117 m

Sentido da marcha
Campo do río de Ledesma á Área recreativa de San Paio-Codeso

Desnivel de subida: 117 m
Desnivel de baixada: 38 m

Distancia horizontal: 8,4 km.
Tipo de percorrido: travesía.
Severidade do medio natural: 1
Orientación no itinerario: 2
Dificultade no desprazamento: 2
Cantidade de esforzo necesario: 2

Condicións de todo o ano.
Tempos estimados segundo criterio MIDE, sen paradas / Calculado sobre datos de 2026.

Sinalización sendeiros PR



Continuidade do sendeiro | Cambio de dirección á esquerda | Cambio de dirección á dereita | Dirección equivocada

Prohibicións



XUNTA DE GALICIA
Financiado pola Unión Europea NextGenerationEU
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE INDUSTRIA Y TURISMO
Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
Terras de Santiago
Entidade promotora
Concello de Boqueixón www.boqueixon.gal
Entidade homologadora

PR-G 281
Sendeiro dos Pescadores e Viticultores do Ulla
Concello de Boqueixón
Ruta homologada no ano 2026

Concello de Boqueixón

PR-G 281

Concello de Boqueixón | **GALICIA**

Sendeiro dos Pescadores e Viticultores do Ulla



Sendeiro sinalizado

Entidade homologadora



112 EMERXENCIAS GALICIA



Sendeiro dos Pescadores e Viticultores do Ulla

Escala: 1/33.000

A Senda dos Pescadores e Viticultores do Ulla discorre **paralela ao río Ulla**, un dos cursos fluviais máis importantes de Galicia. O percorrido, **bidireccional**, conecta o **Campo do Río**, na parroquia de Ledesma, coa **Área Recreativa de San Paio**, na parroquia de Codeso.

A ruta transcorre pola **ZEC Sistema Fluvial Ulla–Deza**, un espazo incluído na **Rede Natura 2000** e declarado **Zona Especial de Conservación**. Trátase dun ecosistema protexido que garante a preservación da biodiversidade, dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres que habitan este val fluvial.

Este camiño segue antigas sendas utilizadas por pescadores e viticultores, ofrecendo **paisaxes de grande beleza**, zonas de ribeira ben conservadas e un **rico conxunto etnográfico** ligado á vida tradicional do Ulla.

Un percorrido perfecto para quen busca natureza, tranquilidade e historia nun mesmo sendeiro.

A Senda dos Pescadores é unha das rutas máis fermosas da comarca. Segue antigas sendas utilizadas polos pescadores para achegarse ao río Ulla, un dos grandes tesouros naturais de Galicia.

Ao longo do camiño acompañarate o son da auga, as sombras dos amieiros e a fauna da ribeira. Poderás gozar de miradoiros naturais, muíños tradicionais e elementos arquitectónicos e históricos únicos.

LEDESMA

Parroquia bañada na súa totalidade polo **río Ulla**, que lle dá unha grande fertilidade ás súas terras e unha paisaxe de ribeira de enorme valor natural. A súa situación estratéxica converteuna nun lugar destacado ao longo da historia: foi **zona de paso na época romana**, **priorado visitado polos arcebispos de Compostela** e **escenario de enfrontamentos contra as tropas francesas** durante a Guerra da Independencia.

Un territorio pequeno en tamaño, pero grande en patrimonio, memoria e identidade.

PONTE ROMÁNICA DE LEDESMA

A coñecida **Ponte Vella** é unha xoia histórica. Une a parroquia de Ledesma (Boqueixón) coa de Gres (Vila de Cruces). Presúmese que no mesmo lugar existía unha ponte romana pertencente á antiga Vía que unía Braga con Astorga pasando por Lugo. A Ponte actual, con nove arcos, é unha referencia patrimonial da comarca.

Moi preto dela atópanse as **Illas de Gres**, un enclave natural de gran beleza paisaxística situado no propio río Ulla.

BATALLA CONTRA AS TROPAS NAPOLEÓNICAS

No ano **1809**, a comarca de Trasdeza tiña un valor estratéxico porque controlaba a estrada que unía Galicia con Castela por Ourense. Os guerrilleiros galegos centraron os seus esforzos en cortar as comunicacións francesas, e **Ledesma converteuse nun punto clave.**

A defensa desta ponte foi un dos episodios máis destacados da guerra contra os franceses: un grupo de veciños e veciñas da comarca, sen formación militar, conseguiu derrotar a 2.000 soldados experimentados, nunha das vitorias máis soadas da resistencia galega.

ILLAS DE GRES

Situadas xunto á Ponte Vella de Ledesma, no propio río Ulla fórmanse **catro illas e varios illotes,** comunicados entre si por pequenas pontes de madeira. Este conxunto natural destaca pola súa grande beleza paisaxística, pola tranquilidade do entorno e pola riqueza da súa flora e fauna. É un lugar perfecto para pasear, descansar ou simplemente gozar da natureza en estado puro.

IGREXA DIVINO SALVADOR DE LEDESMA

A igrexa parroquial, de planta de salón, foi obxecto de diversas reformas ao longo do século XIX. A pesar destas intervencións, conserva a estrutura dos muros levantados na reforma de **1752**. A nave principal consta dunha **cuberta de madeira a tres augas,** mentres que a cabeceira presenta unha elegante **bóveda de canón**, característica da arquitectura relixiosa tradicional.